



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

**ANEXO: BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE V"**

**1.- Obxecto, normativa e principios de actuación.**

O obradoiro dual de emprego "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE V" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, promovido polos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral, Oza-Cesuras, Paderne e Sada, que asinaron o correspondente convenio. Está subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e cofinanciado por medio de fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Este obradoiro de emprego contará cun total de **20 alumnos/as-traballadores** que realizarán as seguintes **especialidades formativas** a impartir, que contan con certificados profesionais:

- Por unha banda, 10 alumnos/as-traballadores/as realizarán dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional "Edificación e obra civil" e da área profesional "Albanelería e acabados", que son:

- **"Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción" (Código EOCB0109)**
- **"Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas" (Código EOCB0208)**

- Por outra banda, outros/as 10 alumnos/as-traballadores/as realizarán a especialidade de nivel 2 da familia profesional "Forestal", **"Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas" (código AGAR0208)**

Ao mesmo tempo, tamén cursarán o **módulo formativo "Operacións Auxiliares en Tratamentos silvícolas" (MF1294\_1)** do certificado profesional "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" (AGAR0309) da familia profesional "Agraria" e da área profesional "Forestal" de nivel 1.

A distribución do alumnado-traballador por Concellos é a seguinte:

- **Concello de Abegondo:** 4 alumnos/as-traballadores/as
- **Concello de Carral:** 4 alumnos/as- traballadores/as
- **Concello de Bergondo:** 3 alumnos/as- traballadores/as
- **Concello de Oza-Cesuras:** 3 alumnos/as- traballadores/as
- **Concello de Paderne :** 3 alumnos/as- traballadores/as
- **Concello de Sada :** 3 alumnos/as- traballadores/as

No caso de que nalgún dos concellos non se chegue ao mínimo de alumnos/as-traballadores/as seleccionados/as, poderase contratar a persoas candidatas preseleccionadas de calquera dos outros concello que participan no proxecto.

As actuacións previstas para as especialidades de "OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN" (EOCB0109) e "OPERACIÓNS AUXILIARES. DE ALBANELARÍA DE FÁBRICAS E CUBERTAS" (EOCB0208) (2) son:

- 1 Mellora e acondicionamento do local social de Meangos (Abegondo)
- 2 Rehabilitación da casa do lagoiro en Xeixade, Sarandós (Abegondo)
- 3 Mantemento e mellora do local social de O Canedo (Carral)
- 4 Acondicionamento do local social de Beira (Carral)
- 5 Conservación e mellora do local social de San Vicente de Vigo (Carral)
- 6 Mantemento e mellora da área recreativa de Vigo, en Paderne <sup>(1)</sup>
- 7 Actuacións de melloras e rehabilitación en Parque de Posse (Sada) <sup>(1)</sup>



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

As actuacións previstas para a especialidade de “REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS” (AGAR0208) son:

- 8 Plantación de frondosas no lugar de “O Monte” en Mabegondo (Abegondo)
- 9 Tratamentos silvícolas de conservación da finca forestal de “As Quintás” (Abegondo)
- 10 Conservación e mellora de finca rústica no lugar de “Loureiro” (Abegondo)
- 11 Mantemento e valorización do monte situado no lugar de Casas Grandes, Cerneda (Abegondo)
- 12 Limpeza e conservación da finca “ Monte da igrexa” en Sarandós (Abegondo)
- 13 Limpeza e Mantemento de zonas verdes na contorna da casa do Concello, da Policía, do edificio de Servizos Sociais e da Casa da Cultura de Bergondo
- 14 Conservación e mellora de terreo forestal no polígono de Bergondo
- 15 Mantemento e valorización de área forestal no polígono dos Capelos (Carral)
- 16 Mantemento e mellora da zona verde “A Brexa” (Carral)
- 17 Conservación da área forestal do Marco das Eiras (Carral)
- 18 Xestión de biomasa na finca rústica “O Telleiro”, no lugar de Veigas ( Paderne)
- 19 Limpeza de finca no lugar de Tercio, Velouzas ( Paderne)
- 6 Mantemento e mellora da área recreativa de Vigo, en Paderne <sup>(1)</sup>
- 7 Actuacións de melloras e rehabilitación en Parque de Posse (Sada) <sup>(1)</sup>

**Notas:**

(1) Estas actuacións conteñen aspectos de cando menos dous certificados profesionais ou especialidades deste obradoiro de emprego de familias profesionais Agraria e de Edificación e Obra Civil. É dicir, que todo o alumnado-traballador do obradoiro realizará prácticas ou desenvolverá parte do seu traballo nesta actuación.

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as-traballadores/as**. O alumnado-traballador/a será contratado, baixo a modalidade de **contrato de formación en alternancia**, que se regula no **artigo 11** ( “Contratos formativos”) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ( BOE núm. 255 do 24 de outubro de 2015), coa nova redacción establecida polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021). Este contrato “terá por obxecto a formación en alternancia co traballo retribuído por conta allea nos termos establecidos no apartado 2...” que establece que o contrato de formación en alternancia “terá por obxecto compatibilizar a actividade laboral retribuída cos correspondentes procesos formativos no ámbito da formación profesional, os estudos universitarios ou do Catálogo de especialidades formativas do Sistema Nacional de Emprego...”.

Tense en conta tamén o establecido no Real Decreto 488/1998, do 27 de marzo polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos formativos e o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, en tanto o contido destes últimos resulte compatible coa nova redacción da lei.

A acción protectora da Seguridade Social nos contratos para a formación en alternancia subscritos con alumnos/as-traballadores/as nos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, comprenderá as mesmas contingencias, situacións protexibles e prestacións que para o resto de traballadores contratados baixo esta modalidade, tal e como establecen o artigo 11.2.h) do Estatuto dos Traballadores, incluíndo a partir da entrada en vigor do Real Decreto-Lei 28/2018, do 28 de decembro, a cobertura da contingencia de desemprego, tal e como se establece na súa disposición transitoria quinta.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

O alumnado-traballador percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

No capítulo III (artigos 10 e 11) da **Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 228 do martes, 25 de novembro de 2025) regúlanse os **procedementos de selección e contratación do alumnado-traballador**, así como a do persoal formador, directivo e de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, que, tal e como dispón o **apartado 1 do artigo 10** “será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un **procedemento específico** regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade”.

En canto aos **criterios de selección**, conforme o **apartado 2 do artigo 10** “ Nos criterios de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego, procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego que a desenvolva. No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos deberá facerse de forma independente valorando primeiro os criterios subxectivos e con posterioridade, e despois facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva. “

A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou, con data do 17/04/2026 as “**Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27**”. Estas foron remitida ao Concello de Abegondo xunto coa Resolución de concesión do director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 17/04/2026 (Expte TR353A-2025-/000068-1).

Tal e como se recolle no **apartado 3 das** anteditas **Instrucións**, referido aos “Principios de actuación da entidade promotora no proceso de selección”, “A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación”.

Por medio do decreto da Alcaldía núm. 199\_2026 do 28/04/2026 nomeáronse as persoas que integran o grupo de traballo e conforman a comisión seleccionadora. A comisión elaborou **as bases de selección do alumnado-traballador** deste obradoiro dual de emprego conforme as consideracións sinaladas nos anteriores parágrafos.

Estas bases que rexen os procesos de selección do alumnado-traballador do **obradoiro dual de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde V” (Expte: TR353A-2025/000068-1)**, coas especificidades apuntadas, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo ([sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)), accesible a través da web municipal ([www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)), nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego, nos taboleiros de anuncios do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos, A Coruña- Monelos e A Coruña-Tornos (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos e a que xestionará as ofertas que se presentarán no caso da selección do alumnado-traballador).

Polo tanto, os sistemas de selección axústanse ao establecido tanto na Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

# CONCELLO DE ABEGONDO (A CORUÑA)

procede á súa convocatoria para o ano 2026 /código de procedemento TR353A (DOG 228 do martes, 25 de novembro de 2025 ) e máis concretamente no Capítulo III (“Selección e contratación”), como nas anteditas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27.

O procedemento de selección é, no caso do alumnado-traballador, o de **oferta/s de emprego** a través das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (Emprego Galicia).

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e ao Departamento Territorial a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes. Utilizarase o aplicativo FORMAN para a remisión dos datos individualizados.

## 2. Comisión de selección:

A Comisión de Selección será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e o alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde V” (Expte:TR353A-2025/000068-1), que ten como data prevista para o seu inicio a do 01 de xuño de 2026 (data inicialmente prevista).

Estará formada por tres persoas nomeadas pola entidade promotora (con voz e voto), ademais do secretario da mesma, que actuará con voz pero sen voto. A presidencia da comisión de selección recaerá nunha das persoas nomeadas. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte da comisión de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

As decisións da Comisión de Selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

## 3. Procedemento de selección do alumnado-traballador/a:

**Sistema de selección:** Oferta de emprego tipo T (“Taller de emprego”)

Na selección do alumnado-traballador utilizarase na aplicación SICAS a oferta de emprego tipo T. “Con carácter xeral, as ofertas de emprego tipo T non serán obxecto de difusión no Portal de Emprego de Galicia salvo casos excepcionais e cando se considere imprescindible para poder cubrir as prazas ofertadas, previa autorización do respectivo departamento territorial.”

**Localidades:** Ámbito dos **Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral, Oza-Cesuras, Paderne e Sada**. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** 18 ou máis anos.

### Situación laboral e requisitos:

O apartado 4 do artigo 10 da orde de convocatoria do 14 de novembro de 2025 (DOG núm. 228 do martes, 25 de novembro de 2025) regula o **procedemento de selección e contratación do alumnado-traballador**, dispoñendo o seguinte:

“1. En todo caso, a selección irá precedida da tramitación de **oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego**. Con carácter previo ou no mesmo momento en que se envíe a oferta á oficina de emprego, a entidade promotora remitirá á propia oficina e mais ao departamento territorial competente as bases reguladoras do proceso de selección. A oferta deberá observar como requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas os seguintes, tendo en conta o establecido no artigo 2 desta orde:

a) Ter dezaioito ou máis anos de idade.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

- b) Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.
- d) Cando a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.”

Cómpre ter en conta que coa aprobación do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021) modificouse o artigo 11 da Lei do Estatuto de Traballadores, que regula o contrato de formación en alternancia.

É de aplicación o disposto no **artigo 2** da orde de convocatoria do 14 de novembro de 2025, referido ás “Persoas beneficiarias participantes”. Concretamente, no **apartado 4** establécese que “No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, con independencia de que o rematase con resultado de superado ou non, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, excepto que o certificado que curse sexa de nivel superior”.

O **apartado 5 do artigo 2** establece que “En ningún caso, poderán participar en obradoiros duais de emprego persoas que xa tivesen participado en tres obradoiros con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades formativas correspondentes ás familias profesionais agraria ou de seguridade e ambiente, referidas na exposición de motivos desta orde, caso en que non aplica esa limitación de ter participado en tres obradoiros.

Terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participasen nun obradoiro dual de emprego ou nun programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.”

**Criterios preferentes de selección:** A Comisión de Selección terá en conta os criterios preferentes de selección que se recollen no **apartado 5 do artigo 10** da orde do 14 de novembro de 2025, segundo o baremo que se xunta como Anexo I. Concretamente, neste apartado 5 indícase o seguinte:

“2. Na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, terán prioridade aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade á resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se vaian impartir no obradoiro .

Ademais, terán prioridade as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas paradas de longa duración; as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as per soas maiores de cincuenta e dous anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados profesionais de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia “

Poderán ser excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que tiveran participado anteriormente noutro obradoiro de emprego o noutro proxecto formativo de iguais características ou que xa estean en posesión dos certificados de profesionalidade obxecto deste obradoiro de emprego e obtido/s por calquera outra vía.

Tamén serán excluídos do proceso aquelas persoas candidatas que incorran en calquera tipo de falsidade documental.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

Unha vez ditada, con data do 17/04/2026, a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde V” (Expte:TR353A-2025/000068-1), a entidade promotora tramitará as **ofertas na oficina de emprego** que corresponda, axustándose ao establecido no **apartado 4 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17/04/2026** para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión seleccionadora.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola Comisión de Selección, e o mínimo será de 60 (3 por posto). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **320, 330, 340 ou 370** a partir dos 18 anos.

Por tratarse dunha oferta tipo T, preseleccionaranse tamén a persoas demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión **699** “suspensión específica programas experimentais de emprego”.

As ofertas presentaranse tendo en conta a distribución prevista do alumnado-traballador por Concellos indicada no apartado 1 destas bases. Ao mesmo tempo, tamén se poderá considerar a distribución das prazas para cada un dos Concellos por especialidade ou especialidades dun nivel determinado (nivel 1 ou nivel 2)

Tal e como dispón o **apartado 6 do artigo 10 da orde do 14 de novembro de 2025**, “ A entidade promotora realizará a selección de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, que deberá conter, sempre que sexa posible, tres persoas candidatas por posto”.

Conforme o disposto no penúltimo parágrafo do **apartado 4 das Instrucións** da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17/04/2026, unha vez realizada a preselección de candidaturas pola oficinas de emprego encargada da tramitación da/s oferta/s, a entidade promotora comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos. Ao mesmo tempo, comunicaráselle ás persoas candidatas o lugar, data e hora na que terán lugar as entrevistas persoais.

Tal e como indica o último parágrafo deste **apartado 4**, “Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas (...)”.

En consonancia co disposto no **apartado 5 das Instrucións** da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17/04/2026, relativo ao “Baremo e probas selectivas do alumnado-traballador”, a selección definitiva dos/as 20 alumnos/as-traballadores/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola Comisión de Selección, que aplicará o **baremo** establecido no **Anexo I**, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas enviadas pola oficina de emprego e realizará unha **entrevista persoal**, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Despois de rematadas as entrevistas, deben facerse públicas as puntuacións no mesmo local onde tiveron lugar e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo ([sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)), accesible a través de web municipal ([www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)) e, complementariamente, tamén se poderán publicar nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego.

Polo que respecta á parte correspondente ao procedemento de **baremación de méritos obxectivos**, a Comisión de Selección realizará as avaliacións tendo en conta tanto os documentos achegados polas persas aspirantes preseleccionadas como as consultas e comprobacións realizadas.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate será o maior tempo acreditado en situación de desemprego dende o último traballo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo ([https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

# CONCELLO DE ABEGONDO (A CORUÑA)

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos/as-traballadores/as propostos/as a entidade promotora deberá remitila á correspondente oficina de emprego. Xunto á listaxe deberá achegar a documentación acreditativa de que o alumnado-traballador seleccionado cumpre cos requisitos para poder participar no proxecto. Se algunha das persoas propostas non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Conforme se establece no **apartado 7 do artigo 10 da orde do 14 de novembro de 2025** "O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto"

"Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e ao departamento territorial correspondente a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, no modelo que se establecerá e publicará na dita instrución." (**apartado 8**).

Tal e como dispón o **apartado 9 do artigo 10** da devandita orde de convocatoria de subvencións " O alumnado seleccionado será contratado, pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade do contrato de traballo de formación en alternancia. De acordo co disposto no número 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non lles será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) do dito estatuto. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato."

## Características do contrato:

-**Tipo de contrato: contrato de traballo para a formación en alternancia (código 421-Formación)** que levará implícitas as peculiaridades recollidas no **apartado 10 do artigo 10** da orde de convocatoria do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ( DOG núm. 228 do martes, 25 de novembro de 2025) / **RLCE** (relación laboral de carácter especial): cód. 9913

-**Grupo de cotización:** 10

-**Coeficiente:** 1

-**Tipo de xornada:** a tempo completo (421), cun total de 40 horas semanais, de luns a venres

-**CNAE:** 8411

-**Duración do contrato:** Do 01/06/2026 ata o 28/02/2027 (datas estimativas)

-**Retribucións brutas mensuais:** Salario Mínimo Interprofesional (SMI) vixente e a paga extraordinaria rateada. Segundo o Real Decreto 126/2026, de 18 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2026, as retribucións serán de 1.424,50 euros brutos mensuais: salario 1.221,00 € + 203,50 € paga rateada.

## 4. Listaxe de reserva

De conformidade co previsto no **apartado 5 das Instrucións** da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17/04/2026, rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas para cubrir as prazas de alumnado-traballador que obteñan as seguintes mellores puntuacións finais e ordenada por Concellos e especialidades.

Esta listaxe empregárase para completar as prazas e ocupar as vacantes que se produzan no obradoiro de emprego. Con carácter xeral, a entidade promotora só poderá realizar substitucións durante os tres primeiros meses de execución do proxecto. En todo caso, debe comprobar que a persoa candidata segue cumprindo os requisitos necesarios para participar no proxecto.

## 5. Incidencias e reclamacións

Estas bases vinculan ás entidades participantes no proxecto, á Comisión de Selección e ás persoas aspirantes que participan nos procesos selectivos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

# CONCELLO DE ABEGONDO (A CORUÑA)

A Comisión de Selección queda facultada para interpretar as bases da convocatoria e, conforme o sinalado no **apartado 11 do artigo 10** da orde do 14 de novembro de 2025, resolverá as incidencias e reclamacións que poidan xurdir, derivadas dos procesos de selección.

## 6. Réxime xurídico:

Conforme o sinalado no último parágrafo do apartado 4 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17/04/2026 “Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas. As persoas alumnas-traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa (...)”.

Os procesos selectivos regularanse fundamentalmente polo disposto nestas bases e polo establecido nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego do 17/04/2026 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27 e na devandita Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 228 do martes, 25 de novembro de 2025).

## 7. Publicacións e/ou notificacións:

A Comisión de Selección acordará a publicación das bases asinadas e dos resultados tanto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo ([sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)) accesible a través de web municipal ([abegondo.gal](http://abegondo.gal)), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro dual de emprego. Tamén se publicarán nos taboleiros de anuncios da Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e nos taboleiros das **oficina de emprego de Betanzos, A Coruña- Monelos e A Coruña-Tornos** (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos e a que xestionará as ofertas que se presentarán no caso da selección do alumnado-traballador).

Ademais, acordará a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 8. Baremo e probas selectivas do alumnado-traballador

De acordo co establecido no **apartado 5 das Instrucións** da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17/04/2026, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27, a Comisión de Selección, co fin de seleccionar definitivamente o alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde V”, aplicará o **baremo** que se insire a continuación como **Anexo I**, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais das persoas candidatas enviadas pola oficina de emprego.

Cada persoa candidata poderá acadar, como resultado da baremación dos méritos obxectivos, unha puntuación máxima de 20,00 puntos, equivalente ás 2/3 partes do total das dúas fases do proceso selectivo.

A Comisión de Selección tamén realizará unha **entrevista persoal** a cada persoa candidata, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, coa finalidade de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo ([\[http://sede.abegondo.gal\]](http://sede.abegondo.gal)) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

O resultado desta outra fase do proceso selectivo debe facerse público, nos termos indicados no apartado 3 destas bases, podendo acadar cada unha das persoas candidatas ata un máximo de 10,00 puntos, equivalente a 1/3 parte da puntuación total das dúas fases do proceso selectivo (30,00 puntos).

Abegondo, na data da sinatura electrónica

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

**ANEXO I**

**BAREMO E PROBAS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE V"**

**A) BAREMACIÓN DE MÉRITOS OBXECTIVOS**

Aplicarase o seguinte baremo:

**1. MULLERES**

- Mulleres vítimas de violencia de xénero..... 2 puntos
- Mulleres en xeral (non puntuadas no apartado anterior)..... 1 punto

**2. IDADE**

- 18-29 anos..... 2 puntos
- 30-51 anos..... 1 punto
- 52 ou máis anos..... 2 puntos

**3. DISCAPACIDADE** (Acreditarase por medio dun certificado ou documento oficial emitido pola administración competente. Deberá ser compatible co desenvolvemento da ocupación)

- Discapacidade igual ou superior ao 33 % ..... 1 punto

**4. PROTECCIÓN DE DESEMPREGO**

- Persoas perceptoras de prestación ou subsidios por desemprego ..... 1 punto (percepción da prestación por desemprego, subsidio ou rendas equivalentes do SEPE)
- Persoas non perceptoras..... 2 puntos

**5. TEMPO EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO**

(Segundo o indicado no Informe de Vida Laboral da Seguridade Social)

- Menos de 12 meses ..... 1 punto
- 12 ou mais meses ..... 2 puntos

**6. PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

Acreditarase por medio dun certificado ou documento oficial emitido pola administración competente, como pode ser o Concello correspondente (Servizos Sociais) ou a Consellería de Política Social e Igualdade, no que quede constancia dalgunha destas circunstancias de exclusión social e/ou laboral: perceptores da Renda de Inclusións Social de Galicia (RISGA) e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; persoas drogodependentes que acrediten a súa rehabilitación; ex-reclusos/as; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores/as inmigrantes residentes na Comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social e/ou laboral ..... 1 punto

## 7. FORMACIÓN ACADÉMICA

### Persoas preseleccionadas para o certificados de profesionalidade de nivel 1

- Nivel de estudos básico (sen ESO ou equivalentes) ..... 2 puntos  
(Non se pode acreditar un nivel de formación ou competencia que posibilite o acceso a certificados de nivel 2 )
- Graduado en ESO, competencias clave nivel 2 ou equivalentes..... 1 punto  
(Cos requisitos mínimos de acceso a certificados de nivel 2 ....)

### Persoas preseleccionadas para os certificados de profesionalidade de nivel 2

- Graduado en ESO, competencias clave nivel 2 ou equivalentes ..... 2 puntos  
(requisitos mínimos de acceso a certificados de nivel 2)
- Bacharelato/BUP, FP1, ciclo medio FP competencias clave nivel 3 ou equivalentes (requisitos mínimos de acceso a certificados de nivel 3 ) .... 1 punto

Nota: No caso de que unha persoa desempregada estivera preseleccionada para certificados dos dous niveis diferentes, deberá optar ou amosar a súa preferencia de especialidade/s. A puntuación máxima neste apartado son 2 puntos.

**8. RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA** (Entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

Acreditarase por medio dun certificado ou documento oficial emitido pola administración competente

- Unidade familiar de 4 ou máis membros ..... 1 punto
- Monoparental con fillo/s ..... 1 punto

## 9. REALIZACIÓN PREVISTA DESTE TIPO DE MEDIDAS NO ITINERARIO DE INSERCIÓN LABORAL.

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario Personalizado de Inserción (IPI) ..... 2 puntos.

(Acreditarase por medio dun informe de itinerarios e servizos resumido dunha oficina de emprego ou documento equivalente)



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 05  
web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)

**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

**10. REALIZACIÓN OU PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E E FORMACIÓN.**

- Por non ter realizado ou participado nun obradoiro/ programa de formación-emprego (obradoiros duais de emprego, programas de emprego de garantía xuvenil ou similares) nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores ..... 5 puntos
- Por ter realizado ou participado nun obradoiro/ programa de formación-emprego (obradoiros duais de emprego, programas de emprego de garantía xuvenil ou similares) nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores ..... 0 puntos

A puntuación máxima que poderán acadar as persoas candidatas preseleccionadas nesta fase do proceso de selección (apartado A) será de **20,00 puntos**

**B) ENTREVISTA PERSOAL**

Realizarase unha entrevista a cada persoa candidata preseleccionada na que se avaliará o seu interese en participar no obradoiro de emprego e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

A puntuación máxima que poderán acadar as persoas candidatas preseleccionadas na fase de entrevista (apartado B) será de **10,00 puntos**.

A puntuación total máxima incluíndo o baremos de méritos obxectivos e a entrevista (A+B) será de **30,00 puntos**

Abegondo, na data da sinatura electrónica

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.